



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 12 DE XULLO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de xullo de dous mil dezaseis; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado catro de xullo de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

Visto o escrito de **Dona Manuela Arias Vázquez**, veciña desta Vila, con domicilio na estrada N-120, Bloque 2, 4ºE, no que solicita bonificación no pago das taxas que debe aboar pola súa fila Iria Rodríguez Vázquez para o Curso 2016-17 na Escola de Música de Ribadavia.

Tendo en conta o informe social do traballador social do Concello de data 20.06.2016, no que se valora favorablemente a solicitude de desconto na taxa do 20% da mesma, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º.- Acordar a bonificación do 20% nas taxas da Escola de Música de Ribadavia para a alumna Iria Rodríguez Vázquez.

2º.- Notificar o presente acordo a interesada, os departamento de Intervención e Tesourería e o Director da Escola municipal.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Axencia Galega de Turismo, Protocolo de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria S.A. e o Concello de Ribadavia para a celebración da Feira do Viño do Ribeiro.

**5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**



**LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de xuño 2016, por importe de 2.184 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

**ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2016.-**

Dase conta da proposta de Dona Maria López Touza como Concelleira de Cultura do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan e coa aprobación do gasto que se describe: THAU COMPANY, o día 20 de xullo; LES THERESES, os días 17 e 18 de xullo; BUTACAZERO, o día 19 de xullo.”

**ADXUDICACION DE CONTRATO DE MONTAXE E DESMONTAXE DA MIT 2016.-**

Vista a aprobación do prego de prescricións técnicas de data 27 de xuño de 2016 para contrato menor de servizos de montaxe e desmontaxe da MIT 2016, acompañado do correspondente informe de intervención de data 27 de xuño de 2016.

Tras o exame da documentación presentada, dentro do prazo conferido o efecto presentáronse as seguintes proposicións:

- Chacoto S.L.
- Construcións Rumajo 3 S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, visto o informe do Director da Mostra Internacional de Teatro de data 06.07.2016, acorda:

1. Adxudicar o Contrato Administrativo menor de servizos de montaxe e desmontaxe da MIT 2016 a empresa Chacoto S.L., por importe de 10.744 euros máis I.V.E. , por ser a que presenta a oferta máis vantaxosa, de acordo co prego de prescricións técnicas aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xuño de 2016.

**ADXUDICACION DE CONTRATO DE LOXISTICA, LUZ E SON DA MIT 2016.-**

A Xunta de Goberno Local, con data 27 de xuño pasado prestou aprobación o prego de prescricións técnicas para contrato menor de servizos de loxística, luz e son da MIT 2016. Consta o correspondente informe de intervención de data 27 de xuño de 2016.

Comprobado que a única empresa presentada foi Recursos Técnicos Artísticos S.L.



En base a elo e despois de pedir ofertas as empresas invitadas o concurso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, visto o informe do Director da Mostra Internacional de Teatro de data 06.07.2016, acordou o seguinte:

1.- Contratar a empresa Recursos Técnicos Artísticos S.L. para prestar o servizo de loxística, luz e son da MIT 2016, por importe de 18.000 euros I.V.E. incluído, de acordo co seguinte detalle (lugares e importe):

Auditorio do castelo: 13.750,67 euros I.V.E. incluído.

Casa de Cultura: 1.821,28 euros I.V.E. incluído.

Igrexa da Madalena: 2.428,05 euros I.V.E. incluído.

2.- Notificar o presente acordo a referida empresa.

**PETICION DE SUBVENCION.-**

**Orden de 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencions, en réximen de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de inversións destinado a mellora de infraestruturas e equipamentos nos Concellos de Galicia.**

Vista a Orde de 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencions, en réximen de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de inversións destinado a mellora de infraestruturas e equipamentos nos Concellos de Galicia, e tendo en conta as bases recollidas nesta Resolución, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde pola que se regulan as bases reguladoras e a convocatoria de subvencions, en réximen de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de inversións destinado a mellora de infraestruturas e equipamentos nos Concellos de Galicia, para o proxecto denominado "Mellora do Pavimento nas rúas Pouso e Encrucillada, na parroquia de Francelos", cun orzamento total de 32.807,19 euros.

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde de 14 de xuño de 2016 de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencions, en réximen de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de inversións destinado a mellora de infraestruturas e equipamentos nos Concellos de Galicia.

3º.- Poñer a disposición os terreos onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cál solicítase a subvención.

**ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DENOMINADO "MELLORA E ADECUACION DE PARQUES INFANTIS DENTRO DA REDE C.R.A. AMENCER".-**

Ponse de manifesto a Xunta de Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade o contrato denominado "Mellora e adecuación de parques infantis dentro da rede C.R.A. Amencer".



Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foi aprobado ó 20 de xuño de 2016, mediante acordo de Xunta a Goberno local a través de procedemento negociado sen publicidade, procedendose a invitación de empresas en data 21 de xuño de 2016.

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura da documentación do sobre A e acto seguido os sobres B e C, mediante constitución de mesa de contratación ao efecto de data 7 de xullo de 2016.

A mesa de contratación analizadas as ofertas presentadas propon a Xunta de Goberno Local a adxudicación do Contrato de obras de “Mellora e adecuación de parques infantís dentro da rede C.R.A. Amencer” a empresa Excavaciones Jorge González, sendo a que presenta a mellor oferta no seu conxunto, como queda acreditado na correspondente acta.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

1.- Adxudicar o contrato denominado “Mellora e adecuación de parques infantís dentro da rede C.R.A. Amencer” a empresa Excavaciones Jorge González, por importe de 49.493,84 € IVE incluído, coas seguintes condicións:

- **Prazo de garantía:** 30 meses.
- **Prazo de execución:** 1 mes e 15 días.
- **Mellor calidade dos materiais:** As ofertadas segundo documentación obrante no expediente por importe de 203,28 euros.
- **Melloras:** As ofertadas segundo documentación obrante no expediente por importe de 4.239,45 euros.

2.- Requerir o adxudicatario para que constituía a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe da adxudicación, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP.

3.- A formalización do contrato realizarase dentro dos 15 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de adxudicación, (unha vez consignada a garantía) facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.

#### **CONTRATO DE XESTION DE ACTIVIDADES FISICO-DEPORTIVAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-**

Vista a proposta formulada polo Director do Servizo Municipal de Deportes relativa a necesidade de proceder á seguinte contratación: Xestión de actividades físico-deportivas do Consello municipal de deportes.

Tendo en conta a fiscalización previa efectuada pola Intervención municipal e no uso das atribucións previstas no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei do Contrato do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro (en adiante TRLCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:



1.- Acorda-la tramitación do expediente como Contrato Menor, o abeiro do disposto nos artigos 23.3, 111 e 138.3 do TRLCSP.

2.- Autoriza-lo gasto derivado deste expediente polo importe máximo de 18.000 euros (IVE non incluído).

3.- Prestar aprobación o Prego de Prescricións Técnicas que van a rexer o contrato administrativo de xestión de actividades físico deportivas do Consello municipal de deportes do Concello de Ribadavia.

4.- Invitar a empresa Mouxión S.L., con domicilio na rua Chano Piñeiro, 4, bloque K, 2º, Ourense, co obxecto de que presente proposta económica para a execución de ditos servizos, no prazo de 5 días dende a recepción da notificación, debendo axustarse na súa presentación o establecido no Prego de Prescricións Técnicas que rexeran o referido contrato.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo a unha do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**